



## PROGRAMA BONO DAS PERSOAS AUTÓNOMAS - 2023

Axuda ás persoas traballadoras autónomas para a mellora da competitividade da actividade empresarial

### Novidade:

Investimentos realizados e pagados no momento da presentación da solicitude

Prazo aberto do 25 de xaneiro ao 29 de setembro de 2023



Orzamento 8.000.000 €



### Persoas beneficiarias

- As persoas traballadoras autónomas de alta no RETA<sup>(\*)</sup> ou mutualidade de colexio profesional, cunha antigüidade superior a 42 meses ininterrompidos de actividade e cun rendemento neto reducido no 2021 inferior a 30.000 euros e unha facturación mínima anual de 12.000 euros (IVE incluído).
- As sociedades de calquera clase e comunidades de bens cunha facturación mínima anual de 12.000 euros (IVE incluído) e unha base imponible inferior a 30.000 euros no Imposto sobre Sociedades no ano 2021.
- As entidades que tributen no réxime de atribución de rendas cun rendemento neto reducido de actividades económicas declarado no IRPF da suma de todos os seus membros inferior a 30.000€.

(\*) Quedan excluídas as persoas familiares e as persoas que cobrasen a axuda do Bono das persoas autónomas nalgunha convocatoria anterior



### Intensidade da axuda e investimentos subvencionables

**80%** do investimento cun importe máximo de: **3.000 €**

O gasto debe estar realizado e efectivamente pagado entre o 1 de xaneiro de 2023 e a data de presentación da solicitude.

Son subvencionables os seguintes investimentos:

- Compra de maquinaria
- Compra / instalación para a mellora da eficiencia enerxética
- Substitución de combustibles fósiles ou materiais críticos ou escasos
- Compra de utillaxe e ferramentas
- Reforma do local do negocio
- Equipamento informático
- Equipamento de oficina / negocio
- Rótulos
- Aplicacións informáticas, webs, apps e redes sociais
- Deseño de marca



## PROGRAMA BONO DAS PERSOAS AUTÓNOMAS - 2023



### Presentación da solicitude

- No momento da solicitude debe presentarse a factura ou facturas **xa pagadas** que xustifiquen o investimento realizado.
- Presentación obrigatoria por medios telemáticos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.
- No caso de emenda, tomarase como data de presentación da solicitude aquela na que sexa realizada esta.
- A rede de persoal técnico de emprego de Galicia poderá prestar asistencia efectiva ás persoas solicitantes que carezan de medios para relacionarse telematicamente.



### Principais obrigas das persoas beneficiarias

- Manter a alta no RETA ou mutualidade durante un mínimo de 2 anos desde a data de solicitude.
- Dispor dos libros contables, rexistros ou documentos auditados esixidos pola lexislación mercantil ou sectorial.
- Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e non ter pendente ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Adoptar as medidas de difusión para dar publicidade ao financiamento público.

Acceso á ficha da  
sede electrónica



- Pulsa para acceder -

Acceso á rede de  
persoal técnico  
de emprego



- Pulsa para acceder -

Esta axuda será incompatible coas que outorguen as administracións públicas polos mesmos conceptos e gastos, agás as outorgadas polo Igape dentro do programa Re-Acciona do 2023.

